



VALDOVIÑO

ANUNCIO

Expte. 2024/E001/000003

CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES A FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PRAZAS DE TECNICO DE MUSEOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Por decreto de Alcaldía núm. 591/2024 de data 16.10.2024, resolveuse a admisión e exclusión de aspirantes na contratación antedita, o nomeamento do Tribunal cualificador e a data da proba oposición; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expte: 2024/E001/000003

Vistas as bases específicas e demais documentación que constan no expediente que se está a tramitar para a creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de prazas de técnico de museos, mediante o sistema de concurso-oposición no Concello de Valdoviño.

Rematado o prazo de emenda das deficiencia detectadas nas solicitudes, de 5 días hábiles, de conformidade coa base sexta da convocatoria,

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva para participar no proceso de selección para a creación dunha lista de aspirantes a funcionario/a interino/a de prazas de técnico de museos, mediante o sistema de concurso-oposición no Concello de Valdoviño.

LISTAXE DE ADMITIDOS			
	Apellidos	Nome	DNI
1	Casal Chico	Carolina	***7251**
2	Castro Álvarez	Olga	***6472**

3	García Caneiro	Ana María	***1304**
4	Méndez Cores	Eva	***5855**
5	Rosas Alonso	María Reyes	***3444**
6	Sueiro Fojón	Julia	***0608**
7	Vázquez Martínez	Alia	***0676**

LISTAXE DE EXCLUÍDOS				
	APELIDO S	NOM E	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓ N
1	Pérez Murado	Daniel	***5796* *	Non presenta o anexo II

SEGUNDO. - Vista a Base sétima da convocatoria e conforme o disposto no artigo 60 o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en condición de alcalde do Concello de Valdoviño designo o Tribunal Cualificador para o devandito proceso selectivo:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria municipal do Concello de Valdoviño.

Suplente.- *Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo.*

Secretario.- Rufino David Luaces Gudín, profesor de ensino secundario especialidade Servizos Socioculturais e á Comunidade e Director do Centro Integrado FP Anxel Casal Monte Alto.

Suplente.- *Rita Díaz González, técnica de Cultura do Concello de Valdoviño.*

Vogal Titular.- Carlos Abeledo González , arquitecto municipal do Concello de Valdoviño.

Vogal Suplente.- *Ramón Couce Blanco, arquitecto técnico do Concello de Valdoviño*

Vogal Titular.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor no Concello de Ares.

Vogal Suplente.- Senén Martínez Prieto, funcionario do Concello de Valdoviño, (área servizos económicos)

*Vogal Titular.- Daniel Iglesias Pintado, Policía Local do Concello de Valdoviño.
Vogal Suplente.- Baldomero Beceiro Alonso, secretario- interventor do Concello de Monfero*

TERCEIRO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 28 de outubro de 2024 ás 9 horas e 30 minutos na Casa do Concello.

CUARTO.- Sinálase como data da proba da fase de oposición o **luns día 28 DE OUTUBRO de 2024 ás 10 HORAS** a celebrar na **Casa do Concello de Valdoviño no Salón de Plenos** e **CONVOCASE aos aspirantes** admitidos no proceso selectivo para a súa realización; que acudirán provistos de documento que acredite a súa personalidade.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentar o escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO.- Publíquese o presente decreto, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

O que se expón aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe.

O Alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE/”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde,

Asdo.: Alberto González Fernández.